



# BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA, DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



sada.cul

## 1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto desta licitación é o da autorización de uso común especial da vía pública para instalación dun servizo de snack-bar durante a celebración da VI Feira Modernista, entre os días 28 e 30 de xullo de 2017 no Paseo Marítimo, á altura do edificio modernista "La Terraza". Esta oferta deriva da necesidade de obter financiamento para as diferentes actividades que integran a programación da VI Feira Modernista, e que inclúen eventos como os seguintes:

- Ambientación de rúa de grande formato, integrando varias zonas diferentes da localidade.
- Actuacións musicais en diversos estilos, evocando propostas musicais que soaban a finais do s. XIX e ppios. do s. XX (jazz, dixie-land, swing, clásica, folclórica...).
- Actuacións de danza de rúa e pasacalles.
- Eventos de participación popular, como parada de bicicletas clásicas, subida en globo aerostático cautivo, exhibicións deportivas, mercado de artesanía e antigüidades...

A instalación consistirá nunha barra de bar provisional con posibilidade de pequena instalación de cociña, con estrutura totalmente desmontable. A distribución da instalación, mobiliario e demais elementos deberá axustarse ás instrucións dos servizos municipais, e ás condicións que quedarán explicadas neste prego.

A instalación do snack-bar efectuarase nos xardíns do Paseo Marítimo, a carón da praza situada detrás do edificio *La Terraza*, zona na que se programarán variadas actividades. A snack-bar situarase de tal forma que permita conectar os espazos do mercado modernista e a zona do escenario principal da Feira Modernista. Deberá instalarse pequena carpa/pérgola dun máximo de 10x5 mts. para acoller a instalación de mostrador e pequena cociña provisional. Disporá dun espazo duns 100 m2 para ofrecer un servizo de "terrazza", que deberá recrear co mobiliario e cos posibles elementos decorativos o estilo da época que rememora esta feira.

A instalación acondicionarase con toma de auga e da conexión á potencia eléctrica necesaria para poder realizar a explotación.

Codificación CPV: 55410000-7, Servizos de xestión de bares.

## 2.- NATUREZA XURÍDICA.

Esta autorización rexerase polas presentes bases, e no non previsto nelas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, o Regulamento de Bens das Corporacións Locais de 13 de xuño de 1986 e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

## 3.- ÓRGANO COMPETENTE.

O órgano competente para a concesión da autorización é a Alcaldía, que a efectos da licitación actúa como órgano de contratación ostentando as prerrogativas que ó mesmo atribúe a normativa vixente.

## 4.- CAPACIDADE PARA CONCORRER.



# BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA, DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



sada.cul

Poderán concorrer á licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalguna das circunstancias previstas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

O licitante deberá ser persoa física ou xurídica con finalidade ou actividade con relación directa co obxecto da autorización demanial, e estará de alta no Imposto sobre Actividades Económicas nun epígrafe que lle habilite para o exercicio da actividade de que se trate.

## 5.- DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN.

A explotación do servizo de bar executarase nos seguintes prazos e horarios de apertura e peche das instalacións:

- Prazo: VI Feira Modernista: entre as 12:00h. do día 28 de xullo e as 00:00h. do 30 de xullo.
- Horarios: cada un dos días do prazo de concesión o horario de explotación abranguerá entre as 12:00h. e as 01:00h. do día seguinte, ata o peche de actividade ás 00:00h. do 30 de xullo.

Durante ditos días poderán permanecer montadas as instalacións, sen prexuízo de que se manteñan pechadas e sen actividade fora do horario indicado.

O adxudicatario disporá de períodos de 10 horas, antes da hora de inicio da concesión e despois da hora de finalización, exclusivamente para montaxe e desmontaxe das instalacións.

## 6.- CANON DA AUTORIZACIÓN.

O canon da autorización inclúe dous conceptos:

- 6.1. O canon que o licitante pagará ó Concello de Sada, sen importe mínimo de saída, leva incluída a taxa por ocupación de dominio público municipal regulada polas ordenanzas fiscais vixentes.
- 6.2. A organización dun pequeno catering con invitación ó público asistente (exclusivamente ó público que acuda vestido seguindo uns cánones similares ós da moda do Modernismo) ás 17:00 horas de cada un dos días. Dito catering evocará os antigos "Thé Dansant" nos que se convidaba ó público asistente a champán, brochetas de froita variada, café e infusións e pastas artesás con estética modernista. A invitación deberá chegar para un mínimo de 200 persoas que cumpran as condicións sinaladas.
- 6.3. O canon é mellorable á alza polos licitantes nas súas proposicións, tanto no importe económico como no nº de persoas previstas na invitación do "Thé Dansant".

## 7.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A adxudicación desta autorización realizarase con respecto ós principios de liberdade de concorrência e publicidade, previa convocatoria mediante anuncio no perfil do contratante do Concello, para asegurar a transparencia e libre acceso á información, a favor do licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, que será a que ofrezca ó Concello o canon máis alto. **Para calcular esta cifra, o número de persoas propostas**



**BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE  
USO  
COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO  
DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA,  
DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.**

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



sada.cul

para o Thé Dansant multiplicarase por 3 e sumarse á oferta económica aportada en concepto de canon.

## **8.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN.**

**8.1.- Lugar e prazo de presentación.-** As ofertas ou proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00h. a 13:30 horas, durante os **CINCO** días hábiles seguintes á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello.

**8.2.-** A proposición ou oferta presentarase en dous sobres pechados, que poderán estar lacrados ou precintados, nos que figurarán o nome do propoñente e a inscrición **“Proposición para tomar parte na licitación para autorización demanial de instalación do servizo de Snack-Bar do 28 ó 30 de xullo, dentro da VI Feira Modernista de Sada, 2017”**, convocado polo Concello de Sada.

O contido de ditos sobres será o seguinte:

**1º.- Sobre A “Documentación”.-** Conterá a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable do licitador acreditando a súa personalidade, circunstancias e cumprimento dos requisitos esixibles, segundo o modelo que figura como anexo I deste Prego.
- b) Resgardo acreditativo da constitución na Tesourería municipal da garantía provisional.

**IMPORTANTE:** deberase solicitar con suficiente antelación ós organismos competentes os certificados de estar ó corrente en cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para poder cumprir o prazo fixado neste Prego para presentación de documentos polo proposto como adxudicatario.

**2º.- Sobre B “Proposición económica”.-** Conterá só a proposición económica, asinada polo licitador ou persoa que legalmente o represente, axustada ó modelo que figura no anexo II deste Prego.

**8.3.-** Non se poderá presentar máis dunha proposición por licitador.

## **9.- GARANTÍAS.**

Garantía Provisional: Para asegurar a seriedade e mantemento das proposicións, esíxese para concorrer á licitación a constitución na Tesourería Municipal dunha garantía provisional de 500.- euros en metálico, aval bancario ou en valores públicos admisibles segundo o establecido no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta ós licitadores inmediatamente despois da adxudicación. En todo caso, esta garantía será incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

Garantía definitiva: a garantía provisional será retida ó licitador que resulte adxudicatario, en concepto de garantía definitiva, que responderá do cumprimento das obrigas establecidas neste prego e dos danos que puidese causar ó dominio público. Dita garantía será devolta unha vez extinta a duración da autorización, previa petición por escrito do adxudicatario e informe do persoal técnico competente.

## **10.- ADXUDICACIÓN.**



# BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA, DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



sada.cul

**10.1.** Os servizos municipais de contratación procederán o día hábil seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións á apertura dos sobres A e a valorar a documentación contida neles, sendo excluídas as proposicións que non constitúan debidamente a garantía provisional ou non presentes a declaración responsable conforme ó modelo establecido.

**10.2.** O licitador proposto para a adxudicación será requirido para presentar, no prazo de **dous días hábiles**, a seguinte documentación:

- a) Empresario individual: fotocopia do D.N.I., pasaporte ou documento que o substitúa.
- b) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda.
- c) Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica, poder notarial bastantado previamente polo Secretario da Corporación ou por funcionario habilitado. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil cando dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.
- d) Certificación administrativa acreditativa de que o licitador atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificación administrativa acreditativa de que o licitador atópase ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e que figura de alta no epígrafe que corresponda do IAE.
- f) Documento acreditativo da formalización da póliza do seguro á que se refire a cláusula 11.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo concedido, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

**10.3.** Cumprido canto antecede, efectuarase a adxudicación por resolución motivada, que será notificada a todos os licitadores e será publicada no perfil do contratante.

## **11.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE.**

O licitador proposto para a adxudicación deberá formalizar seguro de responsabilidade para a actividade a desempeñar no prazo que se lle conceda, por un importe mínimo de 60.000€, non procedéndose á adxudicación do contrato en caso de incumprimento desta condición.

## **12.- PAGO DO CANON.**

O adxudicatario ten a obriga de facer efectivo na Tesourería do Concello de Sada, antes do día 28/07/2017, o 100% do importe proposto na súa oferta económica, decaendo de todos os seus dereitos como tal en caso contrario.

## **13.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.**

**13.1.-** A autorización demanial explotarse con estrita suxeición ó estipulado nos diferentes puntos deste prego, así como ás instrucións que, no seu caso, dese o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

**13.2.-** A explotación realizarase a risco e ventura do contratista, que deberá indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si mesmo ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira. Cando tales danos e prexuízos fosen



# BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA, DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



sada.cul

ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis (art. 214 TRLCSP).

**13.3.-** O adxudicatario cumprirá, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo estar en posesión de todos os permisos ou autorizacións doutras Administracións que sexan esixibles.

**13.4.-** Son de conta do adxudicatario todas as taxas e impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, así como todos os gastos necesarios para a execución da autorización ou que deriven da mesma.

**13.5.-** Son tamén obrigas do adxudicatario as seguintes:

- a) Prestar o servizo de forma continuada durante o prazo de duración do contrato.
- b) Manter as instalacións en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene, así como unha uniformidade estética do equipo de persoal que as xestione.
- c) Admitir ó uso do servizo a todos os asistentes ás Festas.
- d) Presentar unha imaxe das instalacións que evoque a estética e costumes do que podería ser un bar de principios do s. XX.
- e) Utilizar unha vestimenta acorde ós usos da moda da época recreada coa Feira Modernista de Sada.
- f) Manter en bo estado a parte do dominio público utilizado, así como perfectamente limpa a área de 3 metros circundante.
- g) Manter unha zona de terraza sobre o espazo de céspede concedido a carón do "Mercado Modernista". As cadeiras e mesas utilizadas respectarán, na medida do posible, a estética da Feira Modernista. Poderán simular a disposición dos antigos cabarés. Será posible utilizar pequenos toldos ou pérgolas de instalación temporal para protexer a zona de traballo e de servizo ó público. Igual que o resto de elementos utilizados, o adxudicatario tratará de manter unha liña estética evocadora da época que se recrea na Feira Modernista.
- h) Abandonar e deixar libre e expedito a disposición do Concello, dentro do prazo sinalado para iso, os bens obxecto da autorización.
- i) Cumprir con todas as obrigas que lle correspondan relativas ó exercicio da actividade, en especial as referentes á prohibición de venda de alcohol a menores.
- l) Non ceder nin transmitir a autorización sen autorización expresa do Concello.

## 14.- OBRIGAS DO CONCELLO.

O Concello obrígase a:

- a) Poñer a disposición do adxudicatario a parte do dominio público do recinto onde se debe executar a autorización, en perfectas condicións de uso, conforme ó establecido na cláusula 5.
- b) Garantir ó adxudicatario o libre e pacífico goce e explotación das instalacións da snack-bar durante todo o prazo de execución do contrato.
- c) Asumir os gastos por consumo de auga e de enerxía eléctrica.

## 15.- CAUSAS DE EXTINCIÓN.

A autorización demanial extinguirase polas seguintes causas:



**BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE  
USO  
COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO  
DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA,  
DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.**

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



sada.cul

- a) Morte ou incapacidade sobrevida do usuario ou concesionario individual ou extinción da personalidade xurídica.
- b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou concesionario.
- c) Vencemento do prazo.
- d) Revogación unilateral, previa indemnización, da autorización.
- e) Mutuo acordo.
- f) Falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento grave das obrigas do titular da autorización.

## **16.- INFRACCIÓN E SANCIONS.**

A alteración do punto de situación do bar ou a realización de actividades ou venta de produtos diferentes ós autorizados por este prego, dará lugar á resolución inmediata da autorización, coa perda do canon abonado, impedindo o Concello de Sada a actividade por medios coercitivos, con auxilio das forzas de orde pública si fora preciso.

A Alcaldía poderá optar pola revogación da autorización ou ben pola imposición de sancións de ata 300 euros, polo incumprimento dos restantes deberes derivados deste prego ou da lexislación vixente, como o incumprimento do horario de funcionamento establecido, a falta inustificada de exercicio da actividade autorizada ou o defectuoso estado de limpeza, ornato e salubridade da instalación ou dos seus elementos auxiliares.

A reiteración de incumprimentos por máis de tres ocasións, comportará en todo caso a revogación da autorización, con perda da garantía constituída.

## **17.- XURISDICIÓN COMPETENTE.**

Este procedemento ten carácter administrativo e o órgano competente ten a facultade de resolver cantas cuestións se susciten durante a vixencia da autorización, sobre a súa interpretación, modificación, efectos e extinción, dentro dos límites e con suxeición ós requisitos sinalados na Lei.

As resolucións que dite o órgano competente no exercicio das súas prerrogativas serán inmediatamente executivas, poñendo fin á vía administrativa.

Contra estas poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partires do día seguinte a aquel da notificación da resolución ou ser impugnado directamente ante a Xurisdición contencioso-administrativa.

Ambas partes sométense para a resolución de cantos litixios poidan derivarse da autorización demanial, ós xulgados e tribunais con sé en A Coruña, con renuncia expresa de calquera outro foro que puidera corresponderlles.

### **ANEXO I**

#### **Modelo de declaración responsable**

"D. ...., con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_.

En nome propio.



**BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE USO COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA, DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.**

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



sada.cul

Como representante legal da empresa ....., con NIF nº....., a efectos da súa participación na licitación da autorización demanial para explotación do servizo de Snack-bar da VI Feira Modernista de Sada, ante o Concello de Sada

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**PRIMERO.-** Que o licitador cumpre todos os requisitos previos esixidos para ser adxudicatario da autorización mencionada, en concreto:

-Posúe personalidade xurídica propia e conta con plena capacidade xurídica de obrar.

-Cumpre cos requisitos establecidos para o exercicio da actividade e ten a necesaria solvencia económica técnica ou profesional.

-Nin a empresa, nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP.

-Atópase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

-Sométese á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador (no caso de empresas estranxeiras).

-SI-NON (riscar o que non proceda) Autoriza ao órgano de contratación a recoller os datos que obren en poder das Administracións Públicas que fosen necesarias para comprobar a veracidade das declaracións efectuadas.

-Comprométese a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se lle envíen á seguinte dirección de correo electrónico: \_\_\_\_\_.

-A persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á entidade licitadora neste procedemento.

**SEGUNDO.-** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que fai referencia o apartado anterior desta declaración, no caso de ser proposto como adxudicatario ou en calquera momento en que se lle requira para isto.

E para que conste, asino a presente declaración.

Lugar, data, sinatura do declarante e selo da empresa.”

**ANEXO II  
Modelo de proposición**

“D. ...., con domicilio en ....., en nome propio (ou en representación de D. ....), coñecedor da licitación de autorización para a explotación do servizo de Snack-Bar da VI Feira Modernista de Sada, 2017, convocada polo Concello de Sada, así como das condicións e requisitos que se esixen para a súa adxudicación, comprométese a cumprir o contrato con estrita suxeición ó Prego de Bases, que declara coñecer e aceptar plenamente, ofrecendo o seguinte

**CANON:** .....€ (en número)  
.....(en letra).

**BENEFICIARIOS THE DANSANT:** .....(en número)  
.....(en letra).



**BASES DA LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE  
USO  
COMÚN ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON INSTALACIÓN DUN SERVIZO  
DE RESTAURACIÓN NA VI FEIRA MODERNISTA DE SADA,  
DO 28 Ó 30 DE XULLO DE 2017.**

Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_sada.cul@sada.gal



Lugar, data e sinatura do proponente”.

Dilixencia:

Estas bases foron aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm. 1229/2017, do 14 de xullo.

Asdo. dixitalmente polo Secretario Xeral

Emilio Seijo Frías